

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de DECEMBRO de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta e cinco minutos do día trinta de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, o secretario de Admón. Municipal, Sr. Lorenzo Penela, por ausencia da titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1518).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1519).- APROBACIÓN DE ABONAMENTO DE LIQUIDACIÓN SUBVENCIONS CONCEDIDAS NA CONVOCATORIA DE FOMENTO DO EMPREGO DO ANO 2013 Á ALENTA-ASOCIACIÓN DE DANO CEREBRAL, CÁRITAS E MANCOMUNIDADE DE MONTES DE VIGO. EXPTE. 10708/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 30.12.13, o informe de fiscalización do 26.12.13, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento local e Emprego, do 20.12.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 22/03/2013, adoptou o acordo de aprobación das "BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE EMPREGO. EXPTE. 9488/77", para o ano 2013, de xeito que a convocatoria, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o 1 de abril ao 31 de outubro de 2013. Están dirixidas a fomentar o emprego, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía, xa que ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de desempregados e desempregadas na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas organizacións con presenza na cidade de Vigo.

A base PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCÍONS. Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sin ánimo de lucro que operan no movemento veciñal, social, sindical, as comunidade de montes e as entidades empresariais, constituídas legalmente como tales, para o fomento do emprego entre os veciños e veciñas de Vigo, realizadas ou pendentes de levar a cabo desde o 1 de abril ao 31 de outubro de 2013. En relación con esta a base DÉCIMO SEGUNDA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA, di "A beneficiaria, no prazo de un (1) mes a contar desde o remate das accións de fomento do emprego subvencionado, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos."

Polo anteriormente exposto e conforme as bases aprobadas as entidades beneficiarias que non renunciaran a mesma conforme ao "OUTORGAMENTO DAS SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE EMPREGO DO ANO 2013. EXPTE. 9795/77", aprobado pola Xunta de Goberno Local de data 14/06/2013, deberían ter presentado memoria xustificativa das accións desenvolvidas antes do 01/12/2013.

Con posterioridade ao prazo de remate establecido na convocatoria de "Subvención para o Fomento do Emprego do ano 2013", se teñen presentado as seguintes memorias xustificativas:

<u>Entidade</u>	<u>Data de presentación</u>	<u>Nº de documento</u>
Cáritas Diocesana de Tui-Vigo	13/12/2013	130147896
Mancomunidade de Montes de Vigo	13/12/2013	130147940
Alento-Asociación de dano cerebral	16/12/2013	130148140

Polo anteriormente exposto, e tendo en conta que o incumprimento realizado ao presentar a memoria xustificativa da axuda fóra de prazo é un incumprimento menor, e coñecedores da traxectoria de colaboración da devanditas entidades (Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, Mancomunidade de Montes de Vigo, Alento-Asociación de dano cerebral) que veñen prestando servizos de forma satisfactoria durante os último anos, proponse á Xunta de Goberno Local, como paso previo ao seu envío ao servizo de Intervención para a súa fiscalización, a adopción do seguinte acordo:

1. Autorizar a tramitación correspondente para aprobar os abonos seguintes:

- a) 15.800,14 € Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, co CIF nº R3600368I.
- b) 239.740,26 € Mancomunidade de Montes de Vigo, co CIF nº V36840726
- c) 9.575,84 € Alento-Asociación de dano cerebral, co CIF nº G36873511.

2. Dar conta á Cáritas Diocesana de Tui-Vigo, Mancomunidade de Montes de Vigo e Alento-Asociación de dano cerebral, da excepcionalidade deste acto e lembrarilles a obriga do cumprimento estricto das bases da convocatoria de subvencións para o fomento do emprego.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(1520).- PROPOSTA DE III RESOLUCIÓN DE RECURSOS PRESENTADOS CONTRA ACORDO DA XGL DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER AS NECESIDADES BÁSICAS DE VECIÑOS/AS DE VIGO. EXPTE. 6491/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 18.12.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar os recursos de reposición que deseguido se relacionan e polas causas que se indican:

DOCUMENTO	SOLICITANTE	DNI-NIE	Recurso	Doc-Recurso
130085334	ABRALDES MARTINEZ, M ^a VIOLETA	36148794Q	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante, constan de alta como demandantes de emprego desde o 17/07/2013, xa que perdeu a súa condición por non renovación da demanda, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130143554
130086024	ALONSO AGUSTINO, JUAN MANUEL	76991868N	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante e Dona Cintia Andrea Iglesias Perez, constan de alta como demandantes de emprego desde o 10/07/2013 e o 14/08/2013, respectivamente, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144033
130082941	ALONSO ALONSO, FIDEL	36076502J	Conforme a documentación existente no expediente Dona Gladys Flor Rodríguez Rodríguez, constan de alta como demandantes de emprego desde o 11/07/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144435

130087725	AZEVEDO DA CUNHA, SONIA CRISTINA	Y8741788L	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante consta de alta como demandante de emprego desde o 22/07/2013 xa que causou baixa por non renovación e D. Antonio Figueiredo Bompastor, consta de alta como demandante de emprego o 22/08/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144423
130082864	BARRUL ROMERO, CUSTODIA	36132473W	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de emprego desde o 12/07/2013, xa que foi baixa por non renovación o 02/04/2013, e conforme o informe que achega co recurso se atopa en situación de alta desde o 12/11/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144951
130083047	CAMACHO JIMENEZ, JOSE ANTONIO	36083120F	Conforme a documentación existente no expediente Dona Rosa María Jimenez Salazar, constan de alta como demandantes de emprego desde o 12/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144256
130087893	CANO ODIO, OFELIA	39468721P	Conforme a documentación existente no expediente Don Juan Guillermo Lemes del Sol, consta de alta como demandante de emprego desde o 12/08/2013 e Dona Jeny Lemes Cano, non ten renovado a súa demanda de emprego o 15/04/2013 e o 15/07/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144459
130085639	CASAL MARTINEZ, RICARDO	36134112P	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante ten reconocida unha reanudación da prestación por desemprego recoñecendo o dereito a partir do 14/04/2013, non aporta a documentación esixida no artigo 6.	
130087857	CIFUENTES SOLLEIRO, BEATRIZ	39733074E	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante aporta unha nova tgarxeta de alta como demandante de emprego desde o 05/12/201 e, na aportada coa solicitude non se atopa renovada con data 10/07/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144365
130082871	CONCHADO JIMENEZ, ISABEL	36143842D	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante non consta como empadronada no enderezo que se indica, nin coas persoas que indica como compoñentes dea unidade de convivencia do anexo 1.b, polo que incumple o establecido nos artigos 5.b e 6.	
130083319	COSTA GARCIA, ALFREDO MANUEL	36103691Q	Conforme a documentación existente no expediente Dona Andrea Clara Teijeira e Dona Clara Teijeira Miguelez, constan de alta como demandantes de emprego desde o 12/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	

130087314	COSTAS COMESAÑA, MANUEL	36016350Y	Conforme a documentación existente no expediente Dona Rosario Echegoyen González, consta de alta como demandantes de emprego desde o 18/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144409
130081806	CURROS MAGALLANES, JOSE LUIS	36064674F	Conforme a documentación obrante no expediente, os ingresos declarados percibidos mensualmente ascéndían a 426,00 € e tendo en conta o número de componentes de unidade (1) a Renta Per cápita é de 426,00 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130144247
130080774	DE JESUS DE LA TORRE, ELISARDO	20169233G	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade asciendes a 667,87 € 578,44 + 89,43 €), polo que incumple o establecido no artigo 5.d	130144752
130083542	DURAN SANCHEZ, ARMANDO	X9660552T	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante, consta de alta como demandante de emprego desde o 09/07/2013 e ten iniciado os trámites de renovación de tarxeta de extranxeiro o 02/07/2013 cando a súa tarxeta lle autorizaba a traballar, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130145188
130081306	FRANCISCO GUEDELLA, EVA MARIA	36127996X	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 571,07 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 285,53 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	
130083665	FREITAS DOS ANXOS, MARIA JOSE	76927517S	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante non consta como demandante de emprego e Don Serafin do Amparo dos Anjos, consta de alta como demandante de emprego desde o 15/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	
130083117	GIMENEZ RODRIGUEZ, MARIA JOSE	36159651V	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 571,07 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 285,53 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	
130087445	GONZALEZ GARCIA, FRANCISCO JOSE	36026568N	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 399,38 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 399,38 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.f,	130143893
130087429	GONZALEZ MARTINEZ, ANA MARIA	76894680E	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 439,03 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 219,51 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130143896

130082470	HERMIDA MORA, MONICA CANDIDA	53180149D	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante consta de alta como demandante de emprego desde o 10/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144430
130084317	JUANES DE LEON, MARIA ANGELES	36039915L	Conforme a documentación existente no expediente non se aporta documentación dunha compoñente da unidade de convivencia, conforme ao xustificante de amparo conxunto, polo que se incumple o establecido no artigo 6 anexo 1.b	130144461
130085908	KEVIN ANDOH, FRANCIS	X9915140R	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante declara uns ingresos de 390,00 €, e tendo en conta os compoñentes de unidade (1), a Renta Per Cápita é de 390,00 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.f	
130085280	MARTINEZ TORRES, MARCO ANTONIO	33537785J	Conforme a documentación existente no expediente Dona Lucimar Silva, consta de alta no Padrón Municipal de Habitantes desde o 10/10/2012, polo que incumple o establecido no artigo 5.b	
130083779	MONTOYA CAMACHO, LOURDES	35554127Z	Conforme a documentación existente no expediente Dona Naiara Ares Arriba Silva, consta de alta no Padrón Municipal de Habitantes desde o 31/01/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.b e non aporta tarxetas de demandantes de emprego nin da solicitante, nin de D. Rafael Arriba-Silva Jimenez, Dona María Aroa Arriba-Silva Jimenez, polo que incumple igualmente co establecido no artigo 5.g	130140117
130082906	OLIVEIRA CARIDE, ARANZAZU	36170076T	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 468,03 €, e tendo en conta os compoñentes da unidade (3) a Renta Per Cápita asciende a 156,02 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	
130085827	OROZCO CHIQUILLO, LUZ IDALMIS	39513818W	Conforme a documentación existente no expediente a súa solicitude foi rexeitada por ter presentado solicitude Dona OROZCO CHIQUILLO, CLAUDIA CAROLINA, compoñente da mesma unidade de convivencia e, constar a solicitante como demandante de emprego desde o 16/07/2013, polo demais incumple co establecido no artigo 5.g.	130144338
130087772	OUJO SCHWARZ, M TERESA	36074288F	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante non aporta tarxeta de demandante de emprego, polo que incumple o establecido no artigo 5.g e non se aporta documentación da compoñente da unidade Dona Carmen Eloisa Schwarz Rodríguez, polo que incumple o establecido no artigo 6.	

130085582	PARKER, CHRISTIANA	X1514989W	Conforme a documentación existente no expediente Don John Kelly Quarshie, non consta de alta como demandante de emprego, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144766
130086009	PASCU, AUREL	X4394155M	Conforme a documentación existente no expediente Don Pascu, George Marian e D. Pascu Alexandru, non consta de alta como demandantes de emprego, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144872
130085994	RODRIGUEZ OVEJERO, ANDREA	36159811Q	Conforme a documentación existente no expedienteos ingresos da unidade asciendes a 730,94 € (280,00 + 230,00 + 172,44 + 48,50 €), polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144251
130082074	ROMERO VILA, PAULINO	36124655G	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante consta de alta como demandante de emprego desde o 09/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130144276
130083449	SENDIN SOUTO, JOSE	36028720W	Conforme a documentación existente no expediente Dona M ^a Concepción Martínez López, consta de alta como demandante de emprego desde o 09/12/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130145367
130086678	SUERO VALDEZ, ARSENIA	X9553753J	Conforme a documentación existente no expediente Dona Dahibelis Tapia Suero, consta de alta no Padrón Municipal de Habitantes desde o 24/05/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.b, e os ingresos da unidade de convivencia ascienden a 463,28 € e tendo en conta o numero de compoñentes (2), a Renta Per Cápita es de 231,64 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.f	
130087019	VAZQUEZ RODRIGUEZ, MONTSE RRAT	36121490J	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a426,00 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (2) a Renta Per Cápita asciende a 213,00 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	
130080924	ZAMBRANO ORDOÑEZ, ANGELICA	X3707150X	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de mellora de emprego desde o 09/07/2013, pero non aporta nóminas, contratos e/ou certificacións de ingresos, conforme a documentación necesaria establecida no Anexo IV da convocaatoria , polo que incumple o establecido no artigo 6	130144157

SEGUNDO.- Aceptar os seguintes recursos por adecuarse as bases da convocatoria:

DOCUMENTO	SOLICITANTE	DNI-NIE	Recurso	Doc-Recurso
130082645	COVELO LORENZO, MONICA	53192510L	Se acepta o seu recurso por cuanto presenta a renovación da tarxeta de demandante de emprego cos carimbos correspondentes	130144508
130086755	FONTAN MARIÑO, PATRICIA	36101492W	Se acepta o recurso presentado por cuanto conforme o informe do SPEG se atopa ensituación de alta desde o 03/02/2012.	130145289
130081361	IRIMIA, AURICA	Y1078656Q	Se acepta o seu recurso por cuanto presenta a tarxeta de demandante de emprego aínda con carimbos correspondentes	130144369
130085816	SEMINARIO LOPEZ, OFELIA RUBY	39488282L	Se acepta o seu recurso por cuanto non é unha solicitude duplicada.	130143652
130084178	VILLARROEL DE CARTAGENA, MARIA	X6523898V	Se acepta o recurso presentado por cuanto non dispón de ingresos.	130142777

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

CUARTO: Tramitar un libramento a xustificar polo importe de 8.819,75 € correspondente a operación ARC 201300077593 por importe de 2.750.000,00 € da partida 9240 4890020 “Plan compensación contra a crise” do presuposto en vigor do ano 2013, a ingresar na conta habilitada número 2080 5000 62 3110251592, e proceder ao aboamento do importe total concedido, mediante cheque bancario nominativo ás CINCO (5) solicitudes aceptadas, por un importe de 1.763,95 € a cada unha delas.

4(1521).- PROPOSTA DE IV RESOLUCIÓN DE RECURSOS PRESENTADOS CONTRA ACORDO DA XGL DE RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA DE AXUDAS CONTRA A CRISE PARA ATENDER AS NECESIDADES BÁSICAS DE VECIÑOS/AS DE VIGO. EXPTE. 6510/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Participación e Atención Cidadá, do 23.12.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Desestimar os recursos de reposición que deseguido se relacionan e polas causas que se indican:

DOCUMENTO	SOLICITANTE	DNI-NIE	Recurso	Doc-Recurso
130087235	ALONSO PEREZ, PATRICIA	53181484X	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante consta de alta como demandante de emprego desde o 18/07/2013, xa que causou baixa por non renovación con data 22/05/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130147239
130086032	ALVAREZ FARIÑA, JORGE	Y0693944W	conforme a documentación existente no expediente Dona Alicia Álvarez Soria, non ten renovado a súa demanda de emprego o 20/06/2013 e D. Guillermo Martin Álvarez, consta de alta como demandante de emprego desde o 17/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130147120
130086045	BARRUL BORJA, MARIA NINA	32443561Z	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 364,90 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 364,90 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130146775
130080100	BARRUL JIMENEZ, LAZARO	53817983F	Conforme a documentación existente no expediente Dona Noemí Marín Montoya, consta de alta como demandante de emprego desde o 08/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130147029
130087129	BARRUL MONTOYA, AROA	7751248D	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 468,03 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (3) a Renta Per Cápita asciende a 156,01 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130146738
130087399	BAUTISTA CLASE, BERNARDO ANTONIO	X5411361J	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante, consta de alta como demandante de emprego desde o 19/07/2013 e Dona Andrea Romero Fernández non consta de alta como demandante de emprego, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130147151
130086565	BECERRA RIOS, ESTEFANÍA	53172313Q	Se acepta o recurso por cuanto os ingresos da unidade son de 426,00 € e os membros da da mesma son 3, polo que non superan os 150,00 € da Renta Per Cápita.	13014768

130086078	BOROS, LIVIA ANTONELA	X8856347J	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, asciende a 878,63 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.d	130147036
130087428	CAMACHO GABARRI, MARIA DEL MAR	35459060Y	Conforme a documentación existente no expediente Don Francisco Jose Jimenez Salazar e D. Joan Jimenez Camacho, constan de alta como demandante de emprego o 13/09/2013 e o 12/09/2013 respectivamente , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130146071
130087565	COUÑAGO MONZON, EVA MARIA	36157317Y	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de emprego desde o 19/07/2013, cxa que foi baixa por non renovación, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130146892
130087753	DENEGRI BENITEZ, AMALIA	53176601A	Conforme a documentación existente no expediente Don Eduardo Humberto Ramirez Denegri, consta de alta no padrón municipal de habitantes desde o 15/05/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.b. Asimesmo declara uns ingresos de 552,21 € (200,2,47 + 349,74), e tendo en conta os compenentes da unidade (3) a Renta Per Cápita asciende a 184,07 €, por lo que incumple también o establecido no artigo 5.f.	130149603
130084041	DOMINGUEZ GARCIA, ANA MARIA	36055220Y	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 465,40 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (3) a Renta Per Cápita asciende a 155,13 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130146933
130081861	FORMOSO BUA, MARIA MANUELA	76505684W	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 426,00 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 426,00 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130146172
130087703	GARCIA PEREIRA, NOELIA	53176737R	Conforme a documentación existente no expediente aportada pola solicitante non seu momento non aportou o xustificante de atoparse exenta de renivación pola asistencia a cursos. En documentación presentada o 13/09/2013 co nº de documento 130105143 informa que convive coa súa nai tal e como consta na acreditación da inscrición do padrón municipal de habitantes, máis non aporta documentación da mesma, polo que o anexo 1.b, non ñe corfde as súas declaracións, polo que incumple o establecido no artigo 6	130146211
130085567	GIL FERNANDEZ, MANUEL	36063022B	Conforme a documentación existente no expediente Dona Beatriz Vega Lago, consta de alta como demandante de emprego desde o 16/07/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130147034

130085584	GIL GOMEZ, OSCAR OSVALDO	39465399K	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 399,38, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 399,38 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130147001
130083208	GUNTIN FERNANDEZ, MARGARITA	36006583Z	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 364,90 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (1) a Renta Per Cápita asciende a 364,90 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130146173
130085046	IDROUIOSIF, CRISTINA	Y1220709K	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante consta de alta como demandante de emprego desde o 17/07/2013, e o xustificante de demanda de emprego que aporta co recurso a data de alta é de 09/12/2013, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130145524
130087134	JIMENEZ BARRUL, CARMEN	53186933P	Conforme a documentación existente no expediente Don Diego Lorenzo sanroman, consta de alta como demandante de emprego desde o 19/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130146461
130086137	JIMENEZ BARRUL, JULIA	53195221Q	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de emprego desde o 18/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130147336
130087313	JIMENEZ BARRUL, MARINA	53189052B	Conforme a documentación existente no expediente Don Cesar Barrul Montoya, consta de alta como demandante de emprego desde o 18/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130146459
130084916	MENDEZ MACHADO, MARIA DOLORES	42907196Y	Conforme a documentación existente no expediente a solicitante, consta de alta como demandante de emprego desde o 17/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130147147
130084438	MIJARES MENDOZA, BELGICA MARIA	X6815607V	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade asciendes a468,03 €, e tendo en conta os membros da unidade (3), a Renta Per Cápita é de 156,01 €, polo que incumple o establecido no artigo 5.f	130145669
130084448	MIRCEA, DROSU	X3505711M	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, ascienda a 463,28 €, e tendo en conta os compenentes da unidade (3) a Renta Per Cápita asciende a 154,42 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.f.	130146741
130082955	PEREZ CASTEJON, FERNANDO	35295727L	Conforme a documentación existente no expediente o solicitante, M ^a Cruz Amorin Blanco e D. Saul Pérez Amorin, consta de alta como demandantes de emprego desde o 11/07/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130146169

130086423	RODRIGUEZ CID, MIGUEL ANGEL	36142501W	Conforme a documentación existente no expediente Dona Modesta Cid Meno, consta de alta como demandante de emprego desde o 12/08/2013 , polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130145670
130085685	SUEIRO HERRERA, CELINA SOLEDAD	53193843H	Conforme a documentación existente no expediente os ingresos da unidade de convivencia, asciende a 736,00 €, por lo que incumple o establecido no artigo 5.d	130146839
130082421	REINALDO PILCO MIRANDA	39490172T	Conforme a documentación existente no expediente Dona Carmen Romelia Ortiz Espinoza, non consta de alta como demandante de empreg, polo que incumple o establecido no artigo 5.g.	130146659

SEGUNDO.- Aceptar os seguintes recursos por adecuarse as bases da convocatoria:

130086565	BECERRA RIOS, ESTEFANÍA	53172313Q	Se acepta o recurso por cuanto os ingresos da unidade son de 426,00 € e os membros da da mesma son 3, polo que non superan os 150,00 € da Renta Per Cápita.	13014768
-----------	----------------------------	-----------	---	----------

TERCEIRO.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa.”

CUARTO: Tramitar un libramento a xustificar polo importe de 1.763,95 € correspondente a operación ARC 201300077593 por importe de 2.750.000,00 € da partida 9240 4890020 “Plan compensación contra a crise” do presuposto en vigor do ano 2013, a ingresar na conta habilitada número 2080 5000 62 3110251592, e proceder ao aboamento do importe total concedido, mediante cheque bancario nominativo á solicitude aceptada, por un importe de 1.763,95 €

5(1522).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL RPT E ADECUACIÓN RETRIBUTIVA DOS POSTOS DOS SERVIZOS DE CONTRATACIÓN, LIMPEZA E VÍAS E OBRAS. EXPTE. 24507/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.13, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

1. Segundo petición do Concelleiro delegado de Fomento de data 4 de xuño de 2013, tendo en conta as liñas de actuación que se está a levar a cabo no Servizo de Vías e Obras para unha mellor coordinación dos traballos a desenvolver, e necesario proceder a reestructuración da dirección e control do Taller de Vías e Obras e a xestión do mantemento dos viais públicos.

Para acadar os obxectivos fixados, solicita a redefinición do posto de "Técnico medio de Obas públicas", existente no Servizo de Vías e Obras en un posto de Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais, sinalando as funcións a desenvolver.

Con anterioridade, por resolución do Concellerío Delegado da Área de Xestión Municipal nos anos 2011 e 2012 se encomendou provisionalmente a D. Alfonso Berros Pérez, con nº persoal 78.966 e DNI 32873182-H e cargo de técnico medio de Vías e Obras, as funcións de dirección e coordinación do taller de Vías e Obras, con carácter transitorio e sen prexuízo tanto das tarefas propias do posto de traballo ao cal esta adscrito como das inherentes á praza da cal é titular, baixo a dirección da Xefatura da Área., polo que tratase de regularizar unha situación que ata a data resolveuse de xeito provisional, mediante a realización de encomenda de funcións nos anos 2011 e 2012.

A redefinición das funcións de dito posto supón un incremento no complemento específico de 4535.02 €/ano pasando a denominarse Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais.

2. En data 1 de marzo de 2013, a Concelleira Delegada de contratación expón que, dada a responsabilidade, complexidade e cuantía económica dos expedientes que se están a tramitar no servizo de contratación, de gran importancia e transcendencia, precisase contra cunha xefatura de servizo que supervise e controle a correcta tramitación dos expedientes, e se encargue da dirección e supervisión do funcionamento, organización do persoal e distribución de tarefas do servizo

Na actualidade o servizo esta configurado polo postos seguintes

I.10 CODIGO 242. CONTRATACION							
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	GRUPO	TITULACION ACADEMICA
242.01	XEFE/A AREA CONTRATACIÓN E NOVOS PROXECTOS	1	28	615	020	A1	1
240.02	TECNICO/A ADMON. XERAL	1	26	680	046	A1	6
242.02	XEFE/A OFICINA ADMINISTRATIVA CONTRATACION	1	22	313	95	C1	3
242.03	ADMINISTRATIVO/A	1	19	316	105	C1	3
242.04	AUXILIAR	1	16	166	138	C2	4
242.05	OFICIAL ALMACENEIRO/A	1	16	162	238	C2	4

A contratación administrativa abarca un volumen moi importante da xestión municipal en distintos aspectos de carácter xurídico, técnico e económico e que xenera unha parte moi importante do gasto público local, mediante a contratación de obras, servizo e suministros.

Así mesmo, ten un marcado carácter estruturante da vida económica ao impulsar a actividade económica a través da demanda, existe o coñecemento e manexo axeitado do amplo marco normativo que a regula, caracterizado pola complexidades, dispersión e

constantes modificacións, completado co desenvolvemento regulamentario e a normativa específica de determinados sectores, tanto polo número de procedementos que se tramitan ao longo do ano como das implicacións de toda orde que pode xerar o seu incumplimento, que ten como obxectivo evitar os manexos inadecuados de fondos públicos e consecución da eficiencia do gasto público, a través dos principios de igualdade, transparencia, concurrencia, publicidade, proporcionalidades etc.,

Ainda que no Servizo de contratación atopase adscrito o posto cod 020 Xefe da área de contratación e novos proxectos, o volume e importancia dos expedientes a tramitar no servizo fan necesaria a transformación solicitada, sobradamente xustificada en base ao anteriormente expresado.

A transformación do posto Cod 46 Técnico de admon xeral (CD 26-680) nun posto Codg 309 Xefe/a contratación supón un incremento no complemento de específico de 4355.02 €, configurándose o novo posto co CE 650

3. En data 3 de xuño de 2013, o Concelleiro Delegado de Limpeza solicita que, a vista do carácter esencial do servizo de limpeza municipal, o importe do orzamento xestionado polo servizo, que no presente exercicio do 2013, ascende a 39,26 millóns de euros, importe referido exclusivamente a gasto corrente (capítulo II), non incluíndo inversión ningunha, a xestión dos residuos reciclables recollidos na cidade reciclables, que ascendenron no ano 2012 a 1,033 millóns de euros ingresados nas arcas municipais por este concepto, así como por outras razóns contidas no escrito, solicita a modificación do complemento de destino e específico do posto "Xefe/a de Limpeza" pasando do CD 26 ao CD 28 e complemento específico CE 650 ao 640

Dita modificación supón un incremento retributivo total anual de 3.644,62

CD	11.65		CE	24.06
28	3,60		640	4,46
CD	9.774		CE	22.29
26	,80		650	8,64

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

- I) A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata a súa entrada en vigor; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes.

Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado artigo sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

II) De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal de acordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

III) Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residenciada na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.
- Determinación das retribucións básicas e complementarias de conformidade cos orzamentos municipais vixentes en cada momento e nos termos do disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico.

A Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos, sempre debidamente motivadas na garantía de prestación dos servizos públicos nas debidas condicións.

A motivación das modificacións puntuais que se propoñen véñen avalada por escritos dos diferentes xefes de servizo e Concelleiros/as-delegados/as das diferentes Áreas de Goberno.

IV) Segundo do disposto no artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público, están sometidas á obrigatoriedade de negociación colectiva as decisións das Administracións Públicas que afecten ás condicións retributivas dos postos de traballo.

V) As retribucións dos postos que resultan afectadas as súas retribucións son as seguintes:

Codg	Posto orixe	CD	CE	Posto modificado	GR	CD	CE	Inc.CD	Inc. CE
68	Enxeñeiro Técnico Industrial	26	680	Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais	A1/A2	26	650	0	4.535,02 €
46	Técnico Admon Xeral	26	680	Xefe de Contratacion	A1	26	650	0	4.355,02 €
30	Xefe/A Limpeza	26	650	Xefe de Limpeza	A1	28	640	1.878,80	1.765,82
								TOTAL	12.534,66 €

A adecuación retributiva excepcional e singular proposta disporía con cobertura na aplicación orzamentaria 922.0.121.03.00 "FONDO ADECUACIÓN RETRIBUTIVA 2012", debendose autorizar e comprometer o gasto de 12.534,66 €, mediante a correspondente modificación.

VI.- Vistas as consideracións e informe expostos, en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 10/10/2013, nos termos das atribucións contempladas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e rectificacións publicadas no BOP de 26/03/2012) acordando:

A Modificación e adecuación retributiva excepcional e singular dos postos de:

- Redifinición do posto Cod 68 Enxeñeiro Técnico Industrial (CD 26 CE 680) en Xefe da Unidade de Mantemento de Viais Municipais (CD 26 CE 650)
- Redifinición do posto Cod 46 Técnico de admon xeral (CD 26-680) no posto Codg 309 Xefe/a contratacion (A1 CD 26 CE 650)
- Adecuación retributiva do posto Xefe/a de Limpeza pasando do CD 26 ao CD 28 así como o seu complemento específico pasando do CE 650 ao 640.

SEGUNDO.- Autorizar e comprometer un gasto por importe de 12.534,66€, con cargo a partida 922.0.121.03.00 "CREACIÓN DUN FONDO DE ADECUACIÓN" para dar cobertura as obrigas económicas do presente expediente, en canto a modificación retributiva proposta.

TERCEIRO.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar a cobertura orzamentaria as anteriores propostas.

CUARTO.- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

QUINTO.- Notifíquese o presente acordo a Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos Comité de Persoal e demais servizos afectados, aos efectos oportunos."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1523).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN PUNTUAL RPT E ADECUACIÓN RETRIBUTIVA DIVERSOS POSTOS. EXPTE. 24707/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 16.10.13, dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 10.10.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

1. En data 12/12/2011 a Concelleira Delegada de Educación remite escrito ao Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal solicitando a reestructuración organizativa do Servizo de Educación. Como consecuencia do mesmo, o Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal resolve mediante Decreto que, transitoriamente e polo prazo máximo de seis meses, asignar o desempeño das funcións inherentes á xefatura do Servizo de Educación ao funcionario municipal D. Pedro M^a Vázquez Iglesias (n^o persoal 21628), no que resulten propias e adecuadas ao posto de traballo que ocupa (técnico medio de actividades culturais e educativas) segundo a vixente Relación de Postos de Traballo Municipal. Na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do 13/01/2012, dase conta da resolución do Concelleiro-Delegado de Xestión Municipal, relativa á asignación de funcións ao funcionario D. Pedro M^a Vázquez Iglesias no Servizo de Educación (Expte. 22658/220).

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 9 de marzo de 2012, acordou a Modificación puntual da vixente Relación de postos de traballo do Concello de Vigo vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións de datas 11 de outubro e 2 de novembro de 2010, 1 e 15 de xullo de 2011, 11 e 25 de novembro de 2011, 29 de decembro de 2011, 27 de xaneiro, 9 de marzo, 27 de abril de 2012, 2 e 9 de xullo de 2012 e, 2 de febreiro, 26 de marzo e, 12 de abril de 2013, publicadas no BOP de data 16 de novembro de 2010, 26 de marzo, 23 de maio, 3 de agosto, 18 de setembro de 2012 e no BOP de 27 de febreiro e, 8 de maio de 2013, respectivamente, neste caso na Área de Educación acordando o cambio de denominación do posto de traballo vacante, co código 332.01 ("Xefe/a Educación"), que pasará a denominarse "Técnico/a de actividades culturais e educativas", nos termos da instrución do servizo asinada polo Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 28/02/2012, e escrito de petición da Sra. Concelleira-delegada da Área de Educación de data 27/02/2012.

Deste xeito a estrutura organizativa da Área de Educación é a seguinte, non existindo ningún posto de xefatura do servizo:

X.1. CODIGO 332- EDUCACION													
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.
332.01	TECNICO/A ACTIVIDADES CULTURAIS E	1	26	11	059	N	CA	A1	AE	CE	1	ACTIVIDADES CULTURAIS	T

X.1. CODIGO 332- EDUCACION														
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.	
	EDUCATIVAS											E EDUCATIVAS		
332.05	ARQUITECTO/A TÉCNICO/A APARELLADOR/A	1	26	11	180	N	CA	A2	AE	TM	43		T	
332.08	DELINEANTE	1	18	312	106	N	CA	C1	AE	TA	62		T	
332.11	XEFE/A NEGOCIADO EDUCACION	1	22	313	202	N	C	C1	AG	SA	3		T	
332.10	XEFE NEGOCIADO ESCOLAS MUNICIPAIS	1	22	313	203	N	C	C1	AG	SA	3		V	
332.04	ADMINISTRATIVO/A	1	19	316	105	N	CA	C1	AG	SA	3		V	
332.06	AXUDANTE TECNICO-A EDUCACION	1	16	162	256	N	C	C2	AE	CE	63		T	
332.07	XEFE/A EQUIPO EDUCACIÓN	1	17	162	184	N	C	C2	AE	CE	4		T	
332.02	AUXILIAR	3	16	166	138	N	CA	C2	AG	AU	4		T	
332.13	OFICIAL SERVICIOS INTERNOS	2	16	165	146	N	CA	C2	AE	CE	4		P	
332.15	AXUDANTE MANTEMENTO	1	14	550	270	N	C	E	AE	CE	5		P	
332.11	OFICIAL INSTALACIONES MUNICIPAIS	28	16	162	300	N	CA	C2	AE	CE	4		V	
332.12	VIXILANTE INSTALACIONES MUNICIPAIS	9	14	562	218	N	C	E	AE	CE	5		V	
332.20	ORDENANZA- PORTEIRO/A	1	14	566	155	N	CA	E	AG	SU	5		T	

X.2. CODIGO 322-INSTITUTO MUNICIPAL EDUCACION														
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.	
322.01	TECNICO/A ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS	1	26	11	059	N	CA	A1	AE	CE	1	ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS	T	
322.03	TECNICO/A MEDIO/A ACTIVIDADES CULTURAIS E EDUCATIVAS	1	25	17	191	N	CA	A2	AE	CE	2	ACTIVIDADES CULTURAIS E	T	

X.2. CODIGO 322-INSTITUTO MUNICIPAL EDUCACION													
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	CP/SBE/CL	TITULACION ACADEMICA	FORMACION ESPECIFICA	SIT.
												EDUCATIVAS	
322.05	ORDENANZA-PORTEIRO/A	1	14	566	155	N	CA	E	AG	SU	5		T

Finalizada a referida encomenda de funcións, a Concelleira-delegada da Área solicita reiteradamente, ante a necesidade de contar cun responsable máximo do Servizo, a creación do devandito posto e mentras non fora posible, a realización dunha nova encomenda das funcións de xefatura a dito funcionario.

Tendo en conta a necesidade de contar en cada servizo municipal definido cun responsable de planificar, organizar, controlar e orientar as distintas áreas de traballo nas que se estrutura o servizo, realizar a supervisión e xestión dos orzamentos do mesmo, asumir a xefatura do persoal adscrito, planificar e supervisar a xestión administrativa, asesorar aos órganos de goberno na área da súa competencia e desenvolver todos aqueles procesos de xestión e soporte que contribúan a os fins propios do servizo daccordo co seu nivel de responsabilidade, o Concelleiro de Xestión Municipal ordea a realización das modificacións necesarias na vixente RPT ao obxecto de adscribir ao Servizo de Educación un posto de Xefatura. ao Servizo de Educación Cod 332

Deste xeito, o Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, solicita a este Servicio de Recursos Humanos, informe sobre os postos vacantes susceptibles de ser transformados nun posto de Xefe de Educación, aos efectos de dotar ao Servizo coa estrutura necesaria e axeitada para o correcto desenvolvemento das súas funcións, existindo actualmente no Servizo de Museos (Cod 014. Partida funcional 333.0, un posto vacante coa denominación "Técnico medio de actividades culturais e educativas" no Servizo de Museos funcional 321.0 C.D. 25 C.E. 690) un posto vacante de , e ordea a readscipción dun posto cod 191) e a súa transformación no posto de Xefe/a de Educación (cod 60 A1/A2 CD 26 CE 650)

A transformación de dito posto supón un gasto total de 8.378,44€, das que 1.102,22€ correponden a modificación do C.D. e 7.276,22€ ao C.E.

2. En informe do Servizo da Policía Local de data 10 de Outubro de 2010 se solicita, entre outras peticións, que por parte do Servizo de Recursos Humanos se tramite unha proposta a Xunta de Goberno Local para a modificación dun posto Cod 134 "Policia Local" nun posto Cod 135 "Policia EVAP" fundamentado na necesidade que dito dispositivo conte con mais efectivos no desempeño das suas funcións ante o incremento das ordes de afastamento que ano tras ano lle son asignadas ao mesmo

Coa finalidade de prestar unha atención preferente á asistencia e protección das mulleres que foron obxecto de comportamentos violentos no ámbito familiar e atenuar, na medida do posible, os efectos de devanditos malos tratos, créase no seo do Corpo da Policía Local de Vigo o E.V.A.P. (Equipo de Vixilancia e Apoio Policial), integrado por funcionarios policiais especializados no tratamento da violencia de xénero e doméstica, así como con formación específica en instrumentos e indicadores de valoración do risco.

Nas memorias anuais da EVAP, inclúense os datos sobre a xestión no control e seguimento das Ordes de afastamento dictadas polos órganos xudiciais asignadas, número que ano a ano veuse incrementado.

Na vixente Relación de Postos de traballo figuran no servizo 212 Policía Local os seguintes postos, que compoñen o dispositivo EVAP:

VIII.3. CODIGO 212 POLICIA LOCAL										
CDG	DENOMINACION POSTO	DOT	NIVEL C.D.	C.E.	COD. RETR.	TP	FP	GRUPO	ESCALA	TITULACION ACADEMICA
212.14	INSPECTOR/A E.V.A.P.	1	24	145	115	N	C	A2	AE	2
212.05	OFICIAL XEFE -E.V.A.P.	1	22	144	103	N	C	C1	AE	3
212.10	POLICIA-E.V.A.P.	4	20	148	135	N	C	C1	AE	3

A petición do servizo supón a transformación dun posto de Policía Local (cod retributivo 134, CD 20 CE 152), nun posto de Policía EVAP, modificándose o seu complemento específico que pasa do Cod 152 ao Cod. 148, o que supón un incremento no CE de 5.383,98 € anuais en 14 mensualidades.

3. Así mesmo, en informes de 2 de decembro de 2011e, 16 e 26 de abril de 2012, tendo en conta as funcións e tarefas a desempeñar no posto do Oficial adscrito aos servizos administrativos da Policía Local, responsable, entre outras, das tarefas de elaboración dos cuadrantes do servizo, o control das múltiples incidencias que se producen a diario sobre o mesmo (permisos oficiais, baixas, altas, ausencias inxustificadas), así como a propia incidencia do contido económico do Acordo Regulador (nocturnidade, festividade) e outros acordos con incidencia sobre o persoal (reforzos) que constitúen actividades de especial complexidade e responsabilidade nun servizo que conta con total de 399 postos de traballo e son xestionadas polo oficial da Plana Maior. Para adecuar a terminoloxía antiga ás novas categorías profesionais derivadas da Lei 4/07, propónse a redefinición de funcións do posto así como o cambio de denominación, con afectación das retribucións correspondentes ao complemento específico, nos seguintes termos:
 - Transformación dun posto de Oficial de Policía Local (cod retributivo 126, CD 22 CE 141), nun posto de Oficial de Intendencia da Policía Local, modificándose o seu complemento específico que pasa do Cod 141 ao Cod. 144, o que supón un incremento no CE de 6.705,16 € anuais en 14 mensualidades.

O incremento retributivo basease na comparativa coas retribucións do posto de Oficial Xefe EVAP, posto sinalizado do Servizo da Policía Local.

4. A Directora de Ingresos, en escrito de data 2 de maio de 2013 solicita a reasignación a outro servizo municipal do posto vacante de xefe de negociado de admon de tributos.

O Xefe da Área de Benestar Social en reiteradas ocasións, ven solicitando a adscrición dunha xefatura de negociado de Benestar Social. Así, segundo informe de data 26 de xullo de 2010, dada a estrutura administrativa do servizo, que conta con quince auxiliares administrativos e un administrativo, expoñese a necesidade de contar cunha xefatura de negociado que permita artellar axeitadamente as funcións administrativas do Servizo vendo solicitando dende a data a creación da xefatura de negociado de benestar social. En data 15 de maio de 2011, resolveuse encomendar provisional e transitoriamente ao funcionario D Daniel Alvarez VAzquez con nº de persoal 21686, adscrito ao posto de administrativo no servizo de Benestar Social a realización das funcións correspondentes a xefatura de negociado, compatibilizando ditas funcións coas propias do seu posto de traballo e desenvolvendoas dentro da súa xornada habitual de traballo, co fin de garantir a adecuada prestación do servizo público. Dita encomenda foi solicitada novamente nos anos 2012 e

2013, manifestándose de novo a necesidade de contar cunha xefatura de negociado no servizo.

Como consecuencia das anteriores peticións das Xefaturas dos Servizos reasígnase o posto vacante de xefe de negociado de admon de tributos adscribindo o posto ao servizo Cod 301 Benestar social.

5. Así mesmo e para proceder aos axustes e reorganización do persoal aos servizos según as necesidades dos mesmos, reascribíse o posto codg 105 administrativo vacante no Servizo de Benestar Social ao Servizo de Administración de Tributos (Cod 503.- Negociado de Plusvalía).
6. No escrito de data 2 de maio de 2013, a Directora de Ingresos solicita o cambio de denominación do posto Inspector Adxunto de Tributos por Inspector de tributos, por adaptarse a denominación proposta as funcións realmente desenvolvidas por dito posto.
O posto Cod. 287 Inspector Adxunto de Tributos correspóndese cunha plaza de Técnico Medio de Servizos Económicos Subgrupo A2, mentres que o posto Cod 295-Inspector/a Tributos-Tec Admon Xeral correspóndese cunha praza Subgrupo A1 Técnico Administración Xeral –Rama económica.
En consecuencia propónse que a nova denominación do posto tendo en conta as funcións reais a desempeñar sexa a de Técnico de Inspección e Xestión Tributaria.
7. No servizo de Inspección de Tributos transformase un posto vacante de Subinspector de Tributos en Auxiliar de servizos internos, adscribindo a este último ao servizo 443 OSPIO aos efectos de dar cumprimento a resolución de data 28 de febreiro de 2013 pola que se fai efectiva o reingreso ao servizo activo dun auxiliar de servizos internos
8. Adscribir un posto vacante de auxiliar de admon xeral (Codg 138) do servizo de Electromecánicos (444) ao Servizo Inspección de Tributos (502) para proceder aos axustes e reorganización do persoal aos servizos según as necesidades dos mesmos.
9. En data 25 de febreiro de 2013, o Concelleiro Delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas, solicita que, como consecuencia da Resolución de delegacións da Alcaldía Presidencia de data 7 de febreiro de 2013, redenomínese o posto Codg “Xefe de Turismo e Comercio” para adaptalo a nova reorganización, denominándolle “Xefe/ a de Industria e Turismo” como consecuencia das novas funcións a realizar.
10. En data 7 de xuño de 2013, a 1ª Tenente Alcalde e concelleira delegada de Urbanismo, Cascos históricos, Grandes proxectos e Patrimonio, solicita que como consecuencia da Resolución do 7 de febreiro de 2013 do Alcalde-Presidente do Concello de Vigo pola que se asignan a maiores das que xa tiña ata ese momento as competencias en materia de patrimonio á 1ª Tenente de Alcalde e Concelleira de Urbanismo, Cascos Históricos, Grandes Proxectos e Patrimonio e ao obxecto de mellorar e optimizar a calidade do servizo responsabilidade desta concellería e necesario dotar dun posto que asuma a Xefatura da Área, dirixindo os servizos adscritos á mesma.. Así, solicítase o cambio de denominación do posto de Xefe/a de Servizo da Área de Rehabilitación e Cascos Históricos polo de Xefe/a da Área de Tenencia de Alcaldía, encomendándose a este posto as funcións de Xefatura dos Servizos adscritos á mesma (Patrimonio, Patrimonio Histórico e Grandes Proxectos) así como dos servizos e asuntos do OA da Xerencia Municipal de Urbanismo, que baixo a superior dirección da Xerente de Urbanismo en cada momento se lle asignen.
Tendo en conta que o cambio de denominación non supón modificación retributiva algunha, o posto denominaríase Xefe/a de Servizo das Áreas de Tenencia de Alcaldía
11. Reascripción da vacante de oficial sepultureiro, por falecemento de su titular el día 21/6/2013, existente en la unidad 430 parque central ao ser este un posto reubicado, por adaptación do mesmo por minusvalía.

12. Proceder ao cambio de denominación da Oficina Administrativa de Vías e Obras. Abastecemento e Saneamento, cód. 441 pola denominación de Servizo de Vías e Obras e, a Unidade 442-Vías e obras pola de Taller Vías e Obras.

13. Así mesmo, polo Servizo de Cemiterios, a través de escritos de datas 04/11/13, 07/10/09 e 14/07/10, solícítase reiteradamente a actualización da gratificación por servizos especiais que percibe o persoal administrativo do Servizo de Cemiterios pola atención que prestan tódolos sábados, domingos e festivos do ano na atención do Xulgado de Guardia, na expedición das autorizacións xudiciais de inhumacións, toda vez que pode constatar que o Pleno da Corporación na súa sesión de 14 de xaneiro de 2013 recoñeceu un exceso estrutural de 236 horas anuais, fronte a un total de 471,25 horas que prestan actualmente.

Dita actualización supón un incremento total de 4.369,40€ anuais a percibir entre o persoal adscrito a Oficina administrativa de Cemiterios, con cargo a partida 922.0.151.00.00 (Gratificacións).

14. Corrección das vixentes instrucións de plantilla incluíndo no apartado terceiro, tanto no referente a Acumulación de funcións de dous postos de traballo por motivos de urxencia como a Desempeño de postos de superior categoría o seguinte párrafo:

“A Intervención Xeral procederá a súa fiscalización así como a oportuna reserva de crédito na partida 92201500000 polo importe máximo a aboar no exercicio orzamentario”

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

A Lei 7/2007, do 13 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público que resulta de aplicación directa ao persoal ó servizo da Administración Local ex artigos 3 e 7 do mesmo, conleva un réxime xurídico diferente ao existente ata a súa entrada en vigor; nembargantes, e en canto á ordenación dos postos de traballo e os instrumentos materializadores da mesma, non implica modificacións relevantes.

Prevé o artigo 74 da dita norma que as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos de traballo ou de outros instrumentos organizativos similares, que comprenderán, alomenos, os seguintes aspectos:

- Denominación dos postos de traballo.
- Grupos de clasificación profesional.
- Corpos ou escalas aos que estén adscritos.
- Sistemas de provisión.
- Retribucións complementarias.

Finalmente o citado artigo sinala que os ditos instrumentos serán públicos.

De conformidade coa Disposición derogatoria única, apartado b) do devandito Estatuto Básico do Empregado Público, permanece vixente o artigo 15 da Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, que define á Relación de Postos de Traballo (en adiante, RPT) como o instrumento técnico a través do cal se realiza a ordenación do persoal dacordo coas necesidades dos servizos e se precisan os requisitos para o desempeño de cada posto. O devandito instrumento é consecuencia directa da potestade de autoorganización das entidades locais consignada no artigo 4 da Lei 7/1985, do 2 de agosto, Reguladora das Bases do Réxime Local, trasposta ao ámbito dos recursos humanos dos que dispoñen as Administracións Locais para o desenvolvemento das súas funcións, e concretado na posibilidade de configuración dunha organización de postos de traballo adaptada ás súas características e acorde coa finalidade esencial da adecuada prestación dos servizos públicos.

Asimesmo, tras a modificación operada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, nos municipios suxeitos ao réxime de grande poboación a competencia para a aprobación das RPTs ou instrumento equivalente reside na Xunta de Goberno Local -xuntamente coas retribucións do persoal municipal- sempre de conformidade co presuposto aprobado polo Pleno e obviamente respectando a competencia que para a aprobación do cadro de persoal ou plantilla recolle o artigo 123.1.h) da referida Lei 7/1985, vinculada á aprobación dos orzamentos municipais para cada exercicio económico.

A competencia residual en materia de persoal residencia na Xunta de Goberno Local ex artigo 127.1.h) in fine -sempre sen vulneración das referidas competencias plenarias, así como da competencia en materia da superior dirección do persoal municipal que a Alcaldía-Presidencia ostenta consonte ao artigo 124.4.i) e as que pida ostentar por delegación o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal- implica que a Administración Local pode proceder á regulación dos seguintes aspectos:

- Concreción dos postos que resultan necesarios en cada servizo e determinación das funcións inherentes ao mesmo a través das titulacións esixidas para o seu desempeño.
- Fixación da forma de provisión de postos de traballo, dentro da marxe de discrecionalidade permitido pola lei.
- Asignación de funcións en exclusiva de determinados postos, xunto coa determinación do sistema de retribucións consonte ao disposto na normativa vixente.
- Determinación das retribucións básicas e complementarias de conformidade cos orzamentos municipais vixentes en cada momento e nos termos do disposto nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado para cada exercicio económico.

A Administración goza de iniciativa propia para modificar en calquera momento a RPT, como ocorre con calquera outra disposición de carácter xeral emanada da Corporación (neste caso, da Xunta de Goberno Local, órgano competente para a súa aprobación); en concreto, son frecuentes as modificacións puntuais tales como creación e supresión de postos de traballo, cambio de nivel de complemento de destino ou de complemento específico, novas atribucións ou novos requisitos para a provisión dos mesmos, sempre debidamente motivadas na garantía de prestación dos servizos públicos nas debidas condicións.

A motivación das modificacións puntuais que se propoñen véñen avalada por escritos dos diferentes xefes de servizo e Concelleiros/as-delegados/as das diferentes Areas de Goberno, dende unha perspectiva técnica, funcional e organizativa.

Segundo do disposto no artigo 37 do Estatuto Básico do Empregado Público, están sometidas á obrigatoriedade de negociación colectiva as decisións das Administracións Públicas que afecten ás condicións retributivas dos postos de traballo.

VI) As retribucións dos postos que resultan afectadas as súas retribucións son as seguintes:

Codg	Posto orixe	CD	CE	Posto modificado	GR	CD	CE	Inc.CD	Inc. CE
191	Técnico medio de actividades culturais e educativas	25	690	Xefe de educación	A1/A2	26	650	1.102,22 €	7.276,22 €
126	Oficial Policía Local	22	141	Oficial Intendencia	C1	22	144		6.705,16 €
134	Policia Local	20	152	Policia Local EVAP	C1	20	148		5.383,98 €
				TOTAL					19.365,36 €

A adecuación retributiva excepcional e singular proposta disporía con cobertura na aplicación orzamentaria 922.0.121.03.00 "FONDO ADECUACIÓN RETRIBUTIVA 2012", debendose autorizar e comprometer o gasto de 19.365,36 €, mediante a correspondente modificación.

Respecto do incremento do custe que supón a actualización do complemento de produtividade que percibe o persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, por un total de 4.369,40€ anuais, deberá figurar con cargo a partida orzamentaria 922.0.151.00.00 (gratificacións), que conta con crédito suficiente ata o final do presente exercicio económico.

Así mesmo e como consecuencia das reorganizacions de postos nos diferentes servizos faise preciso a realización das modificacións orzamentarias seguintes e que figuran no Anexo I deste informe, sendo a competencia do Sr. Alcalde, segundo disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 40, 41 e 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril.

Vistas as consideracións e informe expostos, en estricto cumprimento da instrucción do servizo dictada polo Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 12/03/2013, nos termos das atribucións contempladas no artigo 127.1, apartados g) e h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a modernización do Goberno Local, sométese ao criterio da Xunta de Goberno Local, a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:**

“PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e rectificacións publicadas no BOP de 26/03/2012) acordando:

1.- Modificación e adecuación retributiva excepcional e singular dos postos de:

- a) Transformación do posto cod. 191 “Técnico medio de actividades culturais e educativas” (C.D. 25 C.E. 690) no posto de Xefe de educación (cod 60 A1/A2 CD 26 CE 650) e a súa adscripción a dito servizo
- b) Transformación dun posto de Oficial de Policía Local (cod retributivo 126, CD 22 CE 141), nun posto de Oficial de Intendencia da Policía Local, (CD 22 CE 144).
- c) transformación dun posto de Policía Local (cod retributivo 134, CD 20 CE 152), nun posto de Policía EVAP, (CD 20 CE. 148).
- d) Modificación do posto 144-subinspector de tributos do servizo 502, un posto de Auxiliar Admón. Xeral, cód. 138, coas mesmas retribucións.

2.- Adscripción a novos servizos municipais

- a) Adscripción do posto Cod.174-Xefe de Negociado do servizo 503 Admon de tributos ao servizo 301 Benestar Social.
- b) Adscripción do posto 105-Administrativo do servizo 301-Benestar Social ao Servizo 503 Admon Tributos.
- c) Adscripción do posto 138-Auxiliar Admón. Xeral do servizo 444 electromecánicos ao servizo 502 Inspección de Tributos
- d) Adscripción do posto 250 oficial sepultureiro adscrito ao servizo 430 Parque Central ao servizo 303 cemiterios
- e) Adscripción do posto 144 Subinspector de Tributos ao servizo 502 OSPIO

3.- Modificación da denominación dos seguintes postos:

- a) Redenominação do posto 287 Inspector Adxunto de Tributos do Servizo 502 Inspección de Tributos en Técnico de Inspección e xestión tributaria

- b) *Redenominacion do posto 45 Xefe de Turismo e Comercio, do servizo 15 Turismo e Industria en Xefe de turismo e Industria*
- c) *Redenominacion do posto 302 Xefe/a de Servizo da Área de Rehabilitación e Cascos Históricos do servizo 107 1º Tenencia de Alcaldía en Xefe de Servizo das Areas de Tenencia de Alcaldía*
- d) *Redenominacion do posto 144 Subinspector de Tributos redascrito ao servizo 502 OSPIO (apartado 3.e anterior) en posto 136 Auxiliar de Servizos INTERNOS*

SEGUNDO.- Proceder ao cambio de denominacion da oficina admtva de vias e obras abastecemento e saneamento codg 441 polo denominacion de Servizo de vias e obras

Proceder ao cambio de denominacion da unidade 442 vias e obras pola de Taller vias e obras

TERCEIRO.- Autorizar e comprometer un gasto por importe de 19365.36 €, con cargo a partida 922.0.121.03.00 “: CREACIÓN DUN FONDO DE ADECUACIÓN” para dar cobertura as obrigas económicas do presente expediente, en canto a modificación retributiva proposta.

CUARTO.- Modificar as instruccións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do Persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos:

a) apartado f) da Instrucción cuarta, sobre Plantilla e, que pasa a contar coa seguinte redacción:

f) Os servizos extraordinarios a realizar polo persoal administrativo que presta os seus servizos na oficina administrativa de Cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizadas fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079,70 euros anuais. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda no caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

b) Modificar o apartado Terceiro a) e b) das instruccións citadas, incluíndo o seguinte parágrafo en cada un deles:

A Intervención Xeral procederá a súa fiscalización así como a oportuna reserva de crédito na partida 92201500000 polo importe máximo a aboar no exercicio orzamentario

QUINTO.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar a cobertura orzamentaria as anteriores propostas.

SEXTO- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

SÉTIMO- Notifíquese o presente acordo a Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos Comité de Persoal e demais servizos afectados, aos efectos oportunos.”

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Así mesmo, dáse conta do informe da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 26.12.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

De conformidade co disposto no artigo 105 apratado 2 da Lei 30/92, de 26 de novembro de Réximen Xurídico das Administracións Públicas e do Procedimento Administrativo Común, detectado erro no punto TERCEIRO da proposta contida no Expediente 24707/220 (130150198) – “Adecuación Retributiva e Modificación RPT diversos Postos” na que se di “Autorizar e comprometer un gasto por importe de 19365.36 €, con cargo a partida 922.0.121.03.00 “: CREACIÓN DUN FONDO DE ADECUACIÓN” para dar cobertura as obrigas económicas do presente expediente, en canto a modificación retributiva proposta”, a cantidade correcta que debe figurar é de 20.467,58 €, xa que é a suma dos incrementos propostos no informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade cos precedentes informes-proposta, acorda:

PRIMEIRO.- Modificar puntualmente a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (BOP nº 220, do martes 16 de novembro do 2010 e rectificacións publicadas no BOP de 26/03/2012) acordando:

- 1.- Modificación e adecuación retributiva excepcional e singular dos postos de:
 - a) Transformación do posto cod. 191 “Técnico medio de actividades culturais e educativas” (C.D. 25 C.E. 690) no posto de Xefe de educación (cod 60 A1/A2 CD 26 CE 650) e a súa adscripción a dito servizo
 - b) Transformación dun posto de Oficial de Policía Local (cod retributivo 126, CD 22 CE 141), nun posto de Oficial de Intendencia da Policía Local, (CD 22 CE 144).
 - c) transformación dun posto de Policía Local (cod retributivo 134, CD 20 CE 152), nun posto de Policía EVAP, (CD 20 CE. 148).
 - d) Modificación do posto 144-subinspector de tributos do servizo 502, un posto de Auxiliar Admón. Xeral, cód. 138, coas mesmas retribucións.

2.- Adscripción a novos servizos municipais

- a) Readscripción do posto Cod.174-Xefe de Negociado do servizo 503 Admon de tributos ao servizo 301 Benestar Social.
- b) Readscripción do posto 105-Administrativo do servizo 301-Benestar Social ao Servizo 503 Admon Tributos.
- c) Readscripción do posto 138-Auxiliar Admón. Xeral do servizo 444 electromecánicos ao servizo 502 Inspección de Tributos
- d) Readscripción do posto 250 oficial sepultureiro adscrito ao servizo 430 Parque Central ao servizo 303 cemiterios
- e) Readscripción do posto 144 Subinspector de Tributos ao servizo 502 OSPIO

3.- Modificación da denominación dos seguintes postos:

- a) Redenominación do posto 287 Inspector Adxunto de Tributos do Servizo 502 Inspección de Tributos en Técnico de Inspección e xestión tributaria
- b) Redenominación do posto 45 Xefe de Turismo e Comercio, do servizo 15 Turismo e Industria en Xefe de turismo e Industria
- c) Redenominación do posto 302 Xefe/a de Servizo da Área de Rehabilitación e Cascos Históricos do servizo 107 1º Tenencia de Alcaldía en Xefe de Servizo das Áreas de Tenencia de Alcaldía
- d) Redenominación do posto 144 Subinspector de Tributos redescrito ao servizo 502 OSPIO (apartado 3.e anterior) en posto 136 Auxiliar de Servizos Internos

SEGUNDO.- Proceder ao cambio de denominación da oficina adxunta de vías e obras abastecemento e saneamento codg 441 polo denominación de Servizo de vías e obras

Proceder ao cambio de denominación da unidade 442 vías e obras pola de Taller vías e obras

TERCEIRO.- Autorizar e comprometer un gasto por importe de 20.467,58 €, con cargo a partida 922.0.121.03.00 “: CREACIÓN DUN FONDO DE ADECUACIÓN” para dar cobertura as obrigas económicas do presente expediente, en canto a modificación retributiva proposta.

CUARTO.- Modificar as instrucións sobre Plantilla e Relación de Postos de Traballo do Persoal ao servizo da Corporación e dos seus organismos autónomos:

a) apartado f) da Instrucción cuarta, sobre Plantilla e, que pasa a contar coa seguinte redacción:

f) Os servizos extraordinarios a realizar polo persoal administrativo que presta os seus servizos na oficina administrativa de Cemiterios, resultante do exceso estrutural sobre a xornada anual, realizadas fundamentalmente, en sábados, domingos e festivos, retribuiranse con cargo a este complemento cun importe máximo anual de 6.079,70 euros anuais. Dito importe reducirase na parte proporcional que corresponda no caso de non chegar a realizarse dito exceso de xornada.

b) Modificar o apartado Terceiro a) e b) das instrucións citadas, incluíndo o seguinte párrafo en cada un deles:

A Intervención Xeral procederá a súa fiscalización así como a oportuna reserva de crédito na partida 92201500000 polo importe máximo a aboar no exercicio orzamentario.

QUINTO.- Instar a Alcaldía-Presidencia a realización das modificacións de crédito necesarias para dar a cobertura orzamentaria as anteriores propostas.

SEXTO- Ordenar a publicación da modificación efectuada no Boletín Oficial da Provincia en cumprimento do disposto no artigo 74 da Lei 7/2007, do 13 de abril.

SÉTIMO- Notifíquese o presente acordo a Intervención Xeral, Servizo de Recursos Humanos Comité de Persoal e demais servizos afectados, aos efectos oportunos.”

7(1524).- ACORDO MARCO XORNADAS REFORZO POLICÍA LOCAL. PRÓRROGA CARA AO ANO 2014. EXPTE. 39617/212.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.12.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Formación e Avaliación de Recursos Humanos, do 13.12.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Prórrogar durante o ano 2014 o Acordo Marco para a aplicación das xornadas laborais para o persoal do servizo da Policía Local aprobado na sesión de 5 de outubro de 2012, expte. 36255/212, e que terá como obxectivo principal seguir garantindo a prestación ordinaria das funcións legalmente atribuídas cun mínimo de eficacia e satisfacción social e, atender, ao mesmo tempo, os importantes eventos e campañas inicialmente previstas, en aquelas circunstancias coxunturais nas que poidan ser precisas.

2º.- Delegar no Concelleiro da Area de Xestión Municipal a a tramitación dos expedientes en execución do Plan Marco, tanto en canto a autorización das xornadas como a autorización do gasto e recoñecemento das obrigas devengadas en execución das mesmas

3º.- A realización das xornadas de reforzo nas condicións previstas no Acordo Marco viran xeradas única e exclusivamente pola execución puntual de campañas preventivas, eventos ou circunstancias sobrevidas polo que non terán carácter estable nin a súa realización será de xeito lineal mensual. Retribuiranse en concepto de produtividade, polo que non poden ser consideradas de xeito algún retribucións de carácter fixo nin periódico

8(1525).- APROBACIÓN OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO ANO 2013. EXPTE. 24776/220.

Visto o informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 30.12.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aproba-la oferta de emprego público do Concello de Vigo para o ano 2013, integrada polas seguintes 18 prazas vacantes:

a) Persoal funcionario (8 prazas, tres delas pola quenda libre).

Nº Vacantes	Denominación	Grupo	Escala	Subescala	Clase	Tanda Acceso
1	Analista Laboratorio	A1	Admón. Especial	Técnica	Superior	Promoc. Interna
1	Técnico/a Medio/a Actividades Culturais e Educativas	A2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	Promoc. Interna
2	Administrativo/a Administración Xeral	C1	Admón. Xeral	Administrativa	-----	Promoc. Interna
2	Programador Informática	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais	Cometidos Especiais	1 Quenda Libre e 1 Promoc. Interna
2	Condutor/a-Bombeiro/a	C2	Admón. Especial	Servizos Especiais	Extinción Incendios	Libre

b) Persoal laboral : 10 prazas de oficiais de oficios pola quenda de promoción interna.

Nº de plazas	Denominación	Quenda
1	Oficial Conserxe	Promoción Interna
1	Oficial Xardineiro	Promoción Interna
3	Oficial Conductor	Promoción Interna
1	Oficial Carpinteiro	Promoción Interna
1	Oficial Albanel	Promoción Interna
1	Oficial Sepultureiro	Promoción Interna
1	Oficial Almaceneiro	Promoción Interna
1	Oficial Mecánico	Promoción Interna

SEGUNDO.- De conformidade co disposto no artigo 59 da Lei 7/2007, de 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, resérvase un total de 1 praza (7% das 3 prazas ofertadas pola quenda libre e das 18 reservadas por promoción interna), para persoas con discapacidade:

- Unha praza de Administrativo/a de Administración Xeral, da tanda de promoción interna.

9(1526).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE IMAXINERÍA, S.L., POLO SERVIZO DE XESTIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO DURANTE O MES DE DECEMBRO DE 2013. EXPTE. 15632/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informa de fiscalización do 23.12.13, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Educación, do

20.12.13, conformado polo concelleiro de Educación e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Convalidar a actuación de gasto realizada sen fiscalización previa, que figura na factura núm. 024-13 (doc. num. 130149084) por importe de 8.075,68 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de decembro de 2013, de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372.

SEGUNDO.- Aprobar a indemnización substitutiva a favor de IMAXINERÍA SL, por un importe de 8.075,68 € correspondente ao servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de decembro de 2013.

TERCEIRO.- Recoñecer as obrigas a favor de IMAXINERÍA SL, con CIF B-36914372, polo importe de 8.075,68 €, en concepto de prestación do servizo de xestión da Escola municipal de teatro durante o mes de decembro de 2013 con cargo á retención de crédito efectuada pola Intervención Xeral con data 08/11/13 na partida 3210 2279903 “Escola municipal de teatro” do vixente presuposto.

10(1527).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA A FAVOR DE APLUS NORCONTROL, SLU, POLA IPR DE APARATO ELEVADOR DA UNED DE VIGO. EXPTE. 15588/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informa de fiscalización do 20.12.13, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Cultura e Educación, do 17.12.13, conformado polo concelleiro de Educación e a concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva a favor da empresa APPLUS NORCONTROL, SLU, CIF (B-15044357), por importe de 88,59 -€ (Oitenta e oito con concoenta e nove euros), pola IPR de aparato elevador na UNED de Vigo, con cargo á partida 3230 213 0000 (reparacións eléctricas) do vixente presuposto municipal.

11(1528).- CORRECCIÓN DE ERROS NA PROPOSTA APROBADA POLA XGL O 27/12/13, “AXUDAS PARA FINS CULTURAI S E DEPORTIVOS”. EXPTE. 24741/220.

Dáse conta do informe-proposta do técnico de Organización e Planificación de Recursos Humanos, do 30.12.13, conformado pola xefa de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 27 de decembro de 2013, e de conformidade co disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procédese á rectificación do punto 2 de dito acordo de xeito que onde dí “2.-Autorizar libramento a xustificar por importe de 6010,00 euros a favor do funcionario municipal D Justo Alonso Villar Martínez (DNI 36014690W), con nº de persoal 20801, adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios, a proposta da Comision das axudas para fins culturais e deportivos para o pago das devanditas

axudas, con cargo a partida 92201620400,." deberá dicir: 2.- Autorizar o pago ás entidades e persoas autorizadas no punto 1.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a devandita rectificación segundo os termos expostos.

12(1529).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE QUIOSCO SITO EN RÚAS MARÍN/ROCÍO, A FAVOR DE D. FRANCOS J. SUÁREZ BAQUERO. EXPTE. 19657/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Patrimonio, do 10.12.13, conformado pola concelleira delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Da. Dominga Baquero Alonso solicita, mediante escrito con entrada no rexistro xeral desta Administración de data 20 de setembro de 2013, autorización municipal para a cesión a favor do seu fillo D. Francisco Jose Suarez Baquero da concesión administrativa para a ocupación do dominio público coa instalación dun quiosco na rua Marin nº 14, que foille adxudicada no seu día a solicitante.

SEGUNDO.- No tramite de mellora de solicitude, a interesada achega, na data 28.11.2013, a seguinte documentación:

Fotocopia do DNI da solicitante e do cesionario.

Fotocopia do Libro de Familia .

Declaración do cesionario de non atoparse a cesionaria nos supostos previstos nos art. 60 e 146.1c do TRLCSP que impida contratar co a Administración Pública.

Declaración de D. Francisco Jose Suarez Baquero do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas do ano 2012.

Certificacións da Axencia tributaria e da Tesorería Xeral da Seguridade Social da no existencia de debidas.

Certificación do Instituto Nacional da Seguridade Social da condición de pensionista por xubilación de Da. Dominga Baquero Alonso

TERCEIRO.-O Tesoureiro municipal certifica, en data 26.11.2013, que Da. Dominga Baquero Alonso e D. Francisco Jose Suarez Baquero non teñen debidas pendentes ou sancións de natureza tributaria co Concello de Vigo en periodo executivo.

FUNDAMENTOS XURIDICOS:

Primeiro.- O Concello de Vigo, en virtude do acordado pola Xunta de Goberno Local o 15.12.2008, otorgou a Da Dominga Baquero Alonso autorización administrativa para ocupación do dominio publico coa instalación dun quiosco na R/ Marin-R/ Rocío

no termo municipal de Vigo, consonte o réxime xurídico previsto na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, aprobada polo Pleno Municipal ó 29.05.2006 (BOP núm.210 de 2.11.2006).

A autorización administrativa concedeuse polo prazo improrrogabél de vinte (20) anos, a contar dende a data da notificación do acordo da xunta de goberno local de 15.12.2008.

Dita autorización rixese, en primeiro termo, pola Ordenanza municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, e no non previsto nela, polas seguintes disposicións: Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local; Lei 33/2003, de 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas; Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia; RD Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; RD 1372/1986, de 13 de xuño, Regulamento de Bens das Entidades Locales e polas ordenanzas, instrucións ou disposicións xerais deste Concello reguladoras dos elementos de mobiliario urbano e utilización do dominio público local.

Segundo.- A Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público establece no seu Artigo 17.- SUPOSTOS DE TRANSMISIÓN.- As concesións serán transmisíbeis nos casos e consonte as seguintes regras: (...) b) Por cumprimento da idade de xubilación: a favor do cónxuxe ou descendentes en liña recta, sempre e cando se dea algunha das circunstancias previstas no artigo 13.1 apartados a), b) e c) como criterios de adxudicación preferente.

Así mesmo o Artigo 18.- REQUISITOS ESIXÍBEIS PARA A TRANSMISION.-1. En todo caso, a transmisión pretendida dos dereitos concesionais deberá ser coñecida e aprobada previamente polo órgano concedente, quen terá dereito a percibir coma contraprestación á autorización da transmisión unha contía igual ó 20% do canón anual aplicábel naquel momento. 2.El cesionario deberá reunir todas as condicións esixidas para poder concorrer á licitación e non estar incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar coas Administracións públicas. 3.A transmisión quedará limitada, ó tempo que reste para rematar o prazo previsto no artigo 14.

O Artigo 20.- EFECTIVIDADE DA TRANSMISIÓN.- En todos os supostos de transmisión, é condición imprescindible para a súa efectividade a autorización municipal previa e o pagamento da participación correspondente á Administración municipal.

No documento no que se formalice a transmisión deberá facerse constar expresamente que o cesionario coñece e acepta o prego de condicións que rexe a concesión, debendo achegar á Administración copia auténtica do mesmo. No prazo de 1 mes dende o outorgamento da autorización, o cesionario deberá xustificar o aboamento da participación correspondente á Administración.(art. 19 da Ordenanza).

Terceiro.- No presente caso, estimase que concurren as condicións esixidas pola ordenanza municipal reguladora para a cesión dos dereitos concesionais, tendose acreditado a concurrencia do suposto de transmisión así como os requisitos esixidos relativos o cesionario, sendo conseguintemente admisible autorizar a transmisión da concesión administrativa para a instalación do quiosco na rua Marin por Da Dominga Baquero Alonso a prol do seu fillo D.

Francisco Jose Suarez Baquero, quen quedará subrogado na totalidade dos dereitos e obrigas concesionais.

Cuarto.- Resulta competente para a adopción do presente acordo a Xunta do Goberno Local de conformidade co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP.

Por tódolo anteriormente exposto a Xunta de Goberno Local PROPÓNSE a adopción do seguinte acordo.

1º.- Autorizar a Da Dominga Baquero Alonso a cesión a favor de D. Francisco Jose Suarez Baquero, da concesión administrativa para a ocupación do dominio publico coa instalación dun quiosco na R/ Marin-R/Rocio no termo municipal de Vigo, dacordo e con plena suxeición ó réxime xurídico previsto na Ordenanza Municipal reguladora da ocupación do dominio público coa instalación de quioscos, aprobada polo Pleno Municipal ó 29.05.2006 (BOP núm.210 de 2.11.2006).

2º.- A cesión formalizarase en escritura pública, nun prazo de trinta dias dende a notificación do presente acordo, previo ingreso na tesorería do Concello do 20% do canon anual da concesión, e constitución polo cesionario da garantía definitiva para responder das obrigas derivadas da concesión.

3º.- O cesionario achegará nun prazo de dez dias dende o seu otorgamento, copia autenticada da escritura pública na que se formalice a cesión, para coñecemento e comprobación do cumprimento das condicións de cesión da concesión.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(1530).- CORRECCIÓN ERROS POR INTERCAMBIO DE ACORDOS ENTRE OS EXPTEs. 2130/440 E 2126/440, EN XGL DO 06/11/2013.

Dáse conta da proposta do xefe de Área de Fomento, do 27.12.13, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 6 de novembro de 2013, adopta entre outros os seguintes acordos:

5.- Expediente de contratación, polo procedemento aberto, das obras de “Mellora e reposición de uso do patio do Colexio Alfonso Rodríguez Castelao”. Expte. 2.130/440.

6.- Expediente de contratación, polo procedemento aberto, das obras do “Proxecto de Mellora da Accesibilidade peonil entre Porta do Sol e Abeleira Menéndez, Fase 1. Expte. 2.126/440.

Por parte desta Área de Fomento, compróbase que os acordos que se achegan non se corresponden cos expedientes, xa que os mesmos atópanse intercambiados.

Polo que remítense novamente os expedientes ao obxecto de modificar os Acordos da Xunta de Goberno Local indicado.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda rectificar os devanditos acordos adoptados na sesión do 6.11.13, quedando redactados do seguinte xeito:

5.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO, DAS OBRAS DE “MELLORA E REPOSICIÓN DE USO DO PATIO DO COLEXIO ALFONSO RODRÍGUEZ CASTELAO”. EXPTE. 2130/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.10.13, o informe de fiscalización do 6.11.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.11.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proceso negociado con publicidade para licitación do expediente de contratación das obras de mellora e reposición de uso do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para as obras de mellora e reposición de uso do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao, redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 04 de novembro de 2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de prescricións técnicas administrativas particulares que rexerá a licitación para as obras de mellora e reposición de uso do patio do colexio Alfonso Rodríguez Castelao, redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 22 de outubro de 2013.

CUARTO.- Autorizar o gasto polo importe 136.669,91 Euros, máis o 21 % (28.700,68 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 165.370,59 Euros, para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 3210.631.00.00 do orzamento municipal vixente.

QUINTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

6.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDIMIENTO ABERTO, DAS OBRAS DO "PROXECTO DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE PEONIL ENTRE PORTA DO SOL E ABELEIRA MENÉNDEZ, FASE 1". EXPTE. 2126/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 31.10.13, o informe de fiscalización do 5.11.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 4.11.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área e pola concelleira de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proceso de tramitación de urxencia para a licitación do expediente de contratación das obras Mellora da accesibilidade peonil entre Porta do Sol e Abeleira Menéndez, Fase 1.

SEGUNDO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a licitación para as obras de Mellora da accesibilidade peonil entre Porta do Sol e abeleira Menéndez, Fase 1, redactado polo Xefe de Área de Fomento con data 04 de novembro de 2013.

TERCEIRO.- Aprobar o prego de prescripcíons técnicas que rexerá a licitación para as obras de Mellora da accesibilidade peonil entre Porta do Sol e abeleira Menéndez, Fase 1, redactado polo Xefe de Área de Fomento, con data 18 de outubro de 2013.

CUARTO.- Aprobar a execución de gasto plurianual en canto ao orzamento base de licitación segundo o apartado 3 das FEC, polo importe de 404.768,18 Euros, máis o 21 % (85.001,31 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración Local, o que fai un importe total de 489.769,49 Euros (catrocentos oitenta e nove mil setecentos sesenta e nove euros con corenta e nove céntimos), para o que existe crédito adecuado e suficiente na aplicación orzamentaria 1550.619.00.50 do orzamento municipal vixente, dividido nas seguintes anualidades:

- Ano 2013 240.000,00 Euros dos cales corresponden ao IVE 41.652,89 Euros.
- Ano 2014 249.769,49 Euros dos cales corresponden ao IVE 43.348,42 Euros.

Aprobar a modificación das porcentaxes establecidas para os gastos plurianuais, no artigo 174 do RDL 2/2004 de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, que conforme o plan de obra previsto adecúanse respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2014) nun 104,07 %.

De producirse baixas sobre o orzamento base de licitación na adxudicación do presente contrato, as mesmas serán aplicadas aos créditos da segunda anualidade.

QUINTO.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

14(1531).- LIBRAMENTOS A XUSTIFICAR.

Visto o informe do interventor xeral, de data 27.12.13, a Xunta de Goberno local aproba a seguinte relación de contas xustificativas:

Habilitado	Nºpagamento	Aplicación orzamentaria	Importe librado	Importe xustificado	Data de pagamento	Data Real xustificación	Data legal de xustificación	Rein-te-gro	S/ a favor
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201300063614	9226.1620000	360,58	360,58	01/10/13	18/12/13	01/01/14	----	-
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201300063615	9226.2312000	300,00	241,10	01/10/13	18/12/13	01/01/14	58,90	-
BARBARÁ RODRÍGUEZ BEATRIZ	201300063618	9226.2302000	206,74	204,80	01/10/13	18/12/13	01/01/14	1,94	-
CABRERA RIANDE JORGE	201300077722	3133.2279900	500,00	493,12	02/12/13	12/12/13	02/03/14	6,88	--
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300056363	9221.1620001	500,00	372,50	05/09/13	23/12/13	05/12/13	127,50	--
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300056364	9221.2312000	860,00	570,06	05/09/13	23/12/13	05/12/13	289,94	-
ESCARIZ COUSO ALBERTO	201300056635	9221.2302000	491,00	445,47	05/09/13	23/12/13	05/12/13	45,53	--
ESPADA RECARREY LUIS	201300072786	1693.2230000	500,00	496,78	06/11/13	20/12/13	06/02/14	3,22	-
ESPADA RECARREY LUIS	201300072787	1693.2200000	600,00	271,12	06/11/13	20/12/13	06/02/14	328,88	-
ESPADA RECARREY LUIS	201300075373	1693.2200100	500,00	266,80	22/11/13	20/12/13	22/02/14	233,20	-
ESPADA RECARREY LUIS	201300079435	1693.2279900	17.999,00	17.657,25	09/12/13	23/12/13	09/03/14	341,75	-
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300073924	2410.2312007	574,20	506,33	08/11/13	12/12/13	08/02/14	67,87	-
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300073927	2410.2302007	456,75	423,10	08/11/13	12/12/13	08/02/14	33,65	-
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300075433	2410.2312007	526,56	491,06	25/11/13	18/12/13	25/02/14	35,50	-
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300075434	2410.2302007	504,25	482,85	25/11/13	18/12/13	25/02/14	21,40	-

GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300075435	2410.2302007	504,25	491,85	25/11/13	12/12/13	25/02/14	12,40	-
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300075436	2410.2312007	526,56	493,06	25/11/13	12/12/13	25/02/14	33,50	-
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300075724	2410.2312000	360,00	409,03	25/11/13	20/12/13	25/02/14	----	49,03
GUTIÉRREZ ORÚE FRANCISCO J.	201300075725	2410.2302000	206,74	201,34	25/11/13	20/12/13	25/02/14	5,40	-
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201300060513	1320.2269900	3.000,00	1.343,43	24/09/13	23/12/13	24/12/13	1.656,57	-
MARTÍNEZ MUÑOZ FRANCISCO	201300062697	1320.2312000	600,00	7,10	27/09/13	23/12/13	27/12/13	592,90	--
QUINTELA RODRÍGUEZ JOSÉ M ^a	201300069142	2310.7800000	30.584,46	18.171,78	28/10/13	26/12/13	28/01/14	12.412,68	--
VIVERO MIJARES ANTONIO	201300075372	1340.2250000	302,00	301,17	22/11/13	26/12/13	22/02/14	0,83	-
TOTAL			60.963,09	44.701,68				16.310,44	49,03

15(1532).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A CONTRATACIÓN DA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO EN VARIOS DESTINOS XEOGRÁFICOS. EXPTE.4993/104.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe do secretario da Mesa de Contratación do 30-12-2013, visto así mesmo o informe de fiscalización da mesma data, a Xunta de Goberno Local acorda:

Adxudicar o "Procedemento negociado sen publicidade dunha campaña de promoción turística en destinos xeográficos. (expediente 4993-104) a Ecovigo Publicidad, S.L., por un prezo total de 177.695,76 euros, I.V.E. incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. De 30.839,76 euros, Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás doce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.